1. PREVENCIÓN E USO APROPIADO

É un feito consumado que a maioría dos alumnos e alumnas que temos, a partir de certa idade, terán teléfono móbil. Non somos nós, o profesorado, o que pode decidir se o poden ter ou non ter, ou se é conveniente ou non o é, xa que é decisión dos pais e nais. Por suposto que moitos dos rapaces e rapazas non necesitan para nada dispoñer dun móbil, pero "como todos o teñen" presionan á familia para que lles compre un. Negarse a iso pode dar lugar a situacións de ansiedade do neno ou nena, a situacións incómodas con respecto aos seus compañeiros e compañeiras. En consecuencia o mellor será pactar a forma de uso do terminal. Quizais, polo menos en determinadas idades, o conveniente será que o teléfono non sexa de uso exclusivo do menor, senón que sexa un "teléfono familiar" que se lle presta ao rapaz ou rapaza para determinadas actividades: unha excursión ou cando nos interesa que estea localizable.

En calquera caso é necesario ter un control do uso que fan del e as aplicacións que teñen instaladas. E ensinarlles que non necesariamente o móbil ha de estar sempre conectado. En clase, nun espectáculo, na comida, ou á noite, é mellor que estea apagado.

E desde o papel do profesorado hai que orientar tanto a mozos e mozas como a pais sobre o uso correcto dos teléfonos móbiles. Inda que nas aulas estea prohibido o uso dos móbiles, é importante que se cheguen a establecer normas consensuadas do seu uso. O consenso é o mellor elemento educativo e de prevención de riscos do uso de dispositivos móbiles. Deberá primar o uso de normas sobre castigos e restricións de uso. E deben ser normas flexibles que teñen que evolucionar e adaptarse á madurez dos rapaces e rapazas, así como a evolución tecnolóxica dos terminais. Nada teñen que ver os móbiles de hoxe en día cos que se usaban hai un par de anos. Os riscos son diferentes, pero tamén as súas funcións. Por iso hai que reflexionar constantemente sobre o porque das prohibicións ou recomendacións. Sempre poño por exemplo o uso dos móbiles nas bibliotecas, antes "sacrilexio" e hoxe non tanto, porque un móbil dentro da biblioteca pode usarse para facer consultas en Internet, ou mesmo, coa aplicación axeitada, escanear códigos de barras dos libros para obter a súa ficha completa.

Por esta razón, posiblemente non haxa que prohibir totalmente o seu uso en determinadas circunstancias, senón regular os distintos servizos. Hai que consensuar cos menores a forma de uso, o tempo e o lugar da cámara, do acceso a Internet, das aplicacións de redes sociais, da radio, da música…

Ao alumnado hai que inculcarlle unha serie de prácticas recomendables, explicando o porque delas:

- Facilitar o número de teléfono só a persoas coñecidas.
- Non publicar o número de teléfono no perfil das redes sociais nin en páxinas web onde queden a disposición de toda a xente.
- Deben ser responsables co que envíen a través do móbil, sexan mensaxes de texto, imaxes, vídeos, etc.
- Non deben enviar contidos de carácter sexual (*sexting*) nin usar o móbil para acosar a ningún compañeiro ou compañeira de clase (*ciberbullying*) baixo ningún concepto.

No aspecto técnico tamén hai que dar unha serie de consellos, xa que os smartphones son en realidade unha evolución ou fusión dos ordenadores actuais e polo tanto os atacantes tamén os comezan a incluír nos seus obxectivos. Por iso é importante aplicar medidas de seguridade similares á dos ordenadores: instalar un antivirus, usar o PIN para acceder ao dispositivo, facer copias de seguridade…

Tamén explicarlles que é conveniente desactivar a conectividade de Bluetooth, wifi ou 3G cando non se estean utilizando. Ademais de consumir batería, fannos máis vulnerables a ataques. E, moi importante, que cando se usan redes wifi públicas explicarlles que poden ser non seguras e que se estea monitorizando toda a súa navegación.

Deben coñecer o código IMEI (Identidade Internacional de Equipo Móbil) do teléfono. Este numero obtense marcando a secuencia *#06# no terminal. É único para cada teléfono e permite ás operadoras desactivalo no caso de que o usuario así o solicite. É importante no caso de que o alumno ou alumna perda ou lle rouben o smartphone.

Cada vez son máis os servizos que aparecen e que permiten descargarse politóns, xogos, aplicacións, etc. no teléfono móbil. Malia que cada vez é maior o control que existe sobre as entidades que realizan este tipo de promocións fraudulentas, nalgunhas ocasións os menores utilizan estes servizos que ocasionan prexuízos económicos.

Por este motivo, hai que informar aos alumnos que este tipo de servizos fraudulentos existen e que, xa que logo, é recomendable que cando se realicen compras a través do smartphone, os acompañe un adulto. Se van realizar descargas de aplicacións e servizos de Internet no dispositivo móbil, é preferible comprobar se teñen custo asociado e preguntar a pais, nais ou profesorado para evitar o desgusto do gran prexuízo económico na factura.

Da mesma forma, se reciben mensaxes que lles invitan a entrar nun enlace, hai que ensinarlles a comprobar previamente se é de confianza e a que nunca dean datos bancarios.